

Samuel Merino: "Os recitais para min son, prioritariamente, un encontro"

Samuel Merino (Mos, comarca de Vigo, 1982) vén de publicar neste verán *Manual de Camuflaxe* (Xerais). É o seu sexto poemario, desta volta, cun limiar da tamén poeta Oriana Méndez. O sábado 6 de setembro recitará no Festival da Poesía do Condado, en Salvaterra de Miño. Nesta entrevista, afondamos en como vive os temas principais da súa obra, a importancia da lingua na súa traxectoria ou a valoración que fai dos seus recitais.

Laura Piñeiro 29 de agosto de 2025

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/samuel-merino/20250829110002232420.html>

—En *Manual de Camuflaxe* (Xerais, 2025) trata distintos temas que reflicten a autopercepción de calquera ser humano. De feito, Oriana Méndez, no limiar, considera que a propia estrutura da obra é un reflexo da vida, ao comezar con "Poema final" e rematar con "Poema primeiro", símbolo do avance en espiral da vida que, ao igual que a poesía, "ábrese ao retorno e á revisión". Destaca Méndez que non se trata dun retrato estático, senón que avanza conforme o fai a obra. Eran estas unhas premisas das que partía á hora de dar comezo ao poemario?

A verdade é que non, non o eran. Non adoito escribir con premisas. O proceso [de escritura] foi case unha necesidade, ao decatarme de que levaba tempo dando voltas ao mesmo tema. Tamén é certo que, a medida que ía avanzando na miña obra, fun recorrendo a temas tratados noutros traballos, e compilándoas neste *Manual de camuflaxe* no que a idea era, e é, falar sobre o tema da identidade.

Non tiña unha vontade explícita de falar sobre este tema en concreto, mais se hai un concepto sobre o que xira, e, nunca mellor dito, xira, por esta concepción da obra como circular, é a identidade. Non se trata dunha busca da identidade, senón que é unha reflexión, en forma de poemas, acerca de como nos construímos, de como inflúen os demais na nosa autopercepción, na construción da nosa identidade, de como inflúe a linguaxe, as etiquetas que nos poñen...

En definitiva, non eran esas premisas das que eu partira, pero si que é certo que, como a miña obra ten un carácter autorreferencial e é amplamente reflexiva e intimista, facer esta viaxe ao pasado, resituarme no momento no que estou escribindo e proxectarme para un futuro no que a lectora vai atopar os versos e vains ler, crea un xogo de tempos en constante movemento. Isto provoca que unha das interpretacións que se lle poida dar [á estrutura da obra] é esa que Oriana lle dá no limiar.

—Pódese observar no seu poemario a importancia de dous tópicos inherentes á mente humana: estar presente (no sentido máis terreal da expresión) e ocupar un espazo, ser un mesmo, darse, digamos, un lugar no mundo. Que hai do "eu" á hora de tratar estes temas?

Creo que é o que pode haber de calquera persoa. Se hai algo que diferencia este poemario doutros que escribín antes, iso é que, malia que todos son susceptíbeis a que o público se identifique, coido que nesta obra, ao ser máis universal, isto é máis sinxelo. A cuestión da identidade é 'A Cuestión' nos días nos que vivimos: a identidade a nivel político, a identidade de xénero, a identidade nacional, a identidade do que somos. Existe unha obriga imposta desde fóra de ser nós mesmas, de saber quen somos... pero descubrir a nosa identidade leva tempo, e é complicado. Non somos unha única cousa, a identidade evolúe, como sucede no propio poemario.

Tamén atopamos unha contradición en todo isto: ínstasenos a ser nós mesmas, mais, unha vez que somos nós mesmas de verdade, cástrasenos. Existe unha idea implícita nisto: sé ti mesma, pero non tanto. A partir deste conflito é desde onde eu escribín. As distintas partes do poemario parten da linguaxe, de como se concibe: como se nos define a través da lingua, mesmo en contra da nosa vontade.

Por outra parte, quería tratar a influencia da orixe e a contorna. Como unha se constrúe e como unha se busca, e unha aprende a buscarse na casa na que vive. O fogar, que non se limita ao lugar físico e á familia, senón ampliado ao contexto no que te crías: as nais, as veciñas, as tías, os tíos, as amigas... todas estas influencias van aparecendo nas distintas partes do libro. E coidar o espazo que ocupamos, o lugar no mundo, é, tamén, algo moi central. É máis doado delimitar ou situar o espazo que se ocupa a nivel físico, que algo tan abstracto coma a identidade.

[Poderás ler a entrevista íntegra no *Sermos Galiza* que acompaña o *Nós Diario* do sábado 30 de agosto de 2025. Resérvao no teu quiosque ou [subscríbete ao xornal!](#)]